



Veciñanza insta ao Goberno Municipal a solucionar os problemas de aparcamento en Cuntis

É un problema que repercute negativamente no comercio local e que dificulta a dinamización do casco histórico da vila. Provoca desordes e dá unha pésima imaxe tanto para o/a visitante.

Cuntis, 23 de xullo de 2016. Veciñanza presentará no próximo pleno, a celebrar o vindeiro venres 29 de xullo, unha moción para o seu debate e aprobación por parte da Corporación na que **instará ao Goberno Local a solucionar os problemas de estacionamento no centro da vila**. É moi habitual ver desordes de tráfico que dificultan a mobilidade de veciños/as e visitantes e que, sobre todo, repercuten de maneira moi negativa en negocios situados no centro da vila. Cuntis precisa que este problema sexa abordado dunha maneira seria e rigorosa, e **cómpre esixirlle ao Goberno Local que deixe de ignorar as dificultades neste sentido e que dunha vez por todas comece a traballar na solución dos verdadeiros problemas da xente**.

O Goberno Municipal debe buscar novos espazos de aparcamento ou explorar fórmulas que solucionen o caos que moitos días se produce nas rúas máis céntricas. A obstrución de zonas de tráfico, como por exemplo é o caso da Ponte, a rúa da Igrexa, ou o entorno das prazas de Ferrol e de Galicia pode producir dificultades e situacións de gravidade se nun momento dado se producise unha emerxencia. Pero sen situarnos nese escenario, a situación actual xa dificulta a vida cotiá de quen ten que desprazarse polo centro de Cuntis. Esta situación dificulta tamén a actividade no comercio local e é unha das principais razóns que explican o desprazamento a outras vilas veciñas para facer as compras.

O Goberno Municipal é plenamente consciente da existencia desta problemática, e ten aquí a oportunidade de desmentir esa sensación xeralizada de que é un executivo carente de ideas e solucións. Dende Veciñanza manifestamos coma sempre a nosa plena disposición para axudar e colaborar no que se nos requira, á procura da mellora das condicións do noso municipio e especialmente cando se trata de asuntos tan importantes como é a mobilidade.